

**Ponteareas
subvenciona a creación
de 30 empregos**

Páxina II

**IV Galardón Síntese
Covelo**

Páxina VII

**As Neves constrúe
Centros de Compostaxe
Comunitaria**

Páxina VII

**IV Mostra de teatro
afeccionado do Val
Miñor e Oia**

Páxina XIII

**Carmela Silva supervisa
as obras da biblioteca
de Nigrán**

Páxina XIV

**O Inventario de
Camiños Municipais de
Mos entra en vigor**

Páxina XVI



O mestre do Pedra de Auga Xabier Prado crea un novo xogo: 11 Torres

Páxina XI



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

**Abonos e sustratos
ecolóxicos**

**Materias primas
de Galicia**

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas



CONDADO/PARADANTA

3 corredores do Club Ciclista Ponteareas coa Selección Galega

Tres corredores o Club Ciclista Ponteareas foron seleccionados para representar a Galicia no Campionato de España de Ciclocrós que se disputará en Pontevedra.

Un deles será Borja Gómez Méndez, que volverá repetir a fazaña do ano pasado e esta vez, xogando na casa, en Galicia.

Os outros dous seleccionados son Miguel Rodríguez e Jorge Fernández que representarán a Galicia nas categorías de Cadete e Xuvenil.

Desde o club deséxanlle moita sorte a Adrián Barros,



corredor que ata fai poucos días pertencía ás filas do Ponteareas e que agora disputará o Campionato da man do Froiz, equipo co que co-

rreirá a tempada 2019. Un orgullo para este club que os rapaces teñan unha saída da escola e pasen ao seguinte nivel.

0 concello subvenciona a creación de 30 novos empregos e suma máis de 80 en tres anos

O Concello de Ponteareas adxudicou 30 novas subvencións de apoio á creación de emprego por parte da iniciativa privada na localidade. As axudas foron implantadas no primeiro ano de mandato pola decisión persoal do Alcalde de destinar a ese fin a partida do presuposto reservada para o seu salario, ao que renunciou.

Nos tres últimos exercicios concedéronse un total de 103.000 euros cos que se apoiou a contratación ou a consolidación como indefini-

dos de máis de 80 traballadores por parte de empresas e autónomos. En 2019 o Concello prevé convocar de novo as axudas por un importe de 50.000 euros.

Represas salientou que “é a primeira vez que o Concello de Ponteareas adica recursos a apoiar e incentivar a creación de emprego por parte da iniciativa privada”.

O Alcalde fixo balanço doutras iniciativas como os obradoiros de emprego que se organizaron ao longo destes case catro anos e cos que 40

persoas completaron a súa formación. “Máis da metade atoparon traballo ao concluir o obradoiro”, sinala Represas quen engade que “a miña maior satisfacción como alcalde é ver que se crean empregos en Ponteareas. Por iso apoiamos ao comercio local como nunca antes se fixera, defendemos ante a Xunta unha solución para a potenciación do polígono industrial da Lomba a través do PXOM e axilizamos e reducimos os prazos dos trámites burocráticos das licenzas de actividade”.

In Memoriam Benigno Prego Rajo (1926-2018)

O pasado 28 de novembro de 2018 faleceu en Valladolid o Ilmo. Sr. don Benigno Prego Rajo, natural de Guláns (Ponteareas), onde naceu o 4 de setembro de 1926, no seo dunha coñecida e populosa familia.

Ao remate da guerra civil Benigno incorporouse como clarinete á xa lexendaria Banda «Unión de Guláns», na que se formaron moitos músicos que deixaron fonda pegada en Galicia, en todos os rincóns da Península Ibérica e incluso ao outro lado do mar. As penurias da posguerra o levaron a ingresar como músico educando na Banda de Aviación de León, á que se incorporou tamén o seu irmán José, a quen despedimos en Vigo en xaneiro do 2018.

Benigno Prego forxou a súa carreira como músico militar con tesón e constancia, formándose no Conservatorio Superior de Música de Madrid con mestres da talla de Francisco Calés, Cristóbal Halffter e Federico Mompou.

Tras gañar as oposicións á dirección de bandas de música militar, incorporouse á Banda da Seo de Urgel e logo á de Valladolid, terra da súa muller, coa que tivo tres fillos. Aínda que afincado en Valladolid, Benigno Prego regresaba todos os



veráns ao seu Guláns natal e a Cristiñade. Froito desas vivencias foi o pasodobre «De Guláns a Cristiñade», composto por él e gravado pola Banda Municipal de A Coruña baixo a batuta do mestre Rogelio Groba.

Benigno Prego foi profesor de Armonía e Melodía acompañada no Conservatorio Profesional de Música de Valladolid. Os seus méritos lle fixeron merecedor do nomeamento de académico das Belas Artes da Purísima Concepción de Valladolid en 1994, onde foi consiliario da sección de Música.

Os seus restos xacen no cemiterio vallisoletano de Las Contendas, pero a súa música e o seu recordo quedarán sempre no corazón dos que o coñecemos e na xa longa e prestixiosa nómina de ilustres músicos de Guláns.

A. Porto Ucha e Raquel B. Alfaya



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

Por G. Rodríguez

Dende o meu outeiro

Inestabilidades miñorás

Nunca foron os gobernos municipais do Val Miñor estables en exceso. Gustaron máis de vida axitada con gobernos en minoría, pactos tipo buxaina que tan pronto lle soltan a baraza atólanse en leas permanentes, interludios de maiorías absolutas que non tardaban en esmiuzarse en candidaturas independentes para amañar algún votíño condicionante. Mesmo nos períodos de estabilidade política xeral (PP-PSOE-BNG) no Val Miñor seguiron as incertezas.

Canto máis neste escenario no que escachou a simplificación bipartidista e o proxecto común de esquerda e do nacionalismo. Así que cara ao terceiro domingo de maio as incertezas son absolutas e non só porque falten uns poucos meses, que en política duran menos que un deses foguetiños das festas de fin de ano, senón porque as persoas chamadas a ser protagonistas desa xornada de “exaltación democrática” non saben aínda, como se o soubesen algunha vez, o que van facer.

Incerteza agravada tanto por coincidir coas europeas, nas que poden xurdir sorpresas como as de hai cinco anos, cando choutou do frasco a pantasma de Podemos, como por poder revirarse nunha “nai de todas as batallas” se Sánchez se decide por convocar para ese día as xerais, hipótese non desbotábel.

Nos tres concellos miñoráns o único que semella telo decidido é o BNG que vai repetir cartaise magros resultados. O PP chega en horas baixas querendo disputar con Vox mentres Cidadáns lle rela o voto do centro. E certo que na política municipal estas cousas inflúen menos, pero moito máis do que se pensa nunha sociedade

con “exceso de información” a través dunha manchea de persoas maiores mirando a tv. todo o día. Así que quen sabe?

En Gondomar tiveron que conformarse con Paula Bouzós que se presentou voluntaria para o sacrificio, pois o “merlo branco” que procuraban ou non apareceu ou non gustou de aventuras. Mentres, o alcalde que teñen, o de Baiona, non demostrou nin moitas habilidades, nin moita cintura, nin ser quen de tirarse de enriba a alongada sombra do flamante Concelleiro de Sanidade, e nestes remexeres perdeu a maioría por fuga interna. Do flamante empresario con eufónicos nomes ramallosianos, Abal Valverde, que presentan en Nigrán, nin se sabe.

Non coído que as amábeis xentes do noroeste poidan sentirse atraídos polos excesos de testosterona patriótica española de Vox, pero sempre pode haber algún “pirado” que apañe algún voto. Mais non consta. Quen si que consta é Ciudadanos que seica, cando menos, presentará candidatura en Gondomar, aínda que esta sexa interposta a través da vella candidatura de independentes por Gondomar, que é xogar a seguro pero limitado; collen unha estrutura partidaria xa contrastada pero eliminan o efecto sorpresa de partido emerxente que o pode beneficiar en Baiona, onde seica leva a Adolfo Valverde como cartel; imaxe que semella que aínda non teñen fixada en Nigrán.

Quen xa confirmou a súa participación na carreira electoral foi o ex-alcalde baionés Carlos De la Peñaá

fronte dunha candidatura independente rotulada “Nós-Baiona” e que terá que disputar votos co PSOE do concelleiro Carlos Gómez Prado quen contará co apoio da presidenta da deputación e a pretensión de desbancar a un Rodal en horas baixas como o seu partido. Onde non asoman dubidas é no PSOE de Nigrán, Juan González repetirá e non só como candidato senón como alcalde, agás que nestes meses ocorrese un devalo que non se augura por algures, tras unha lexislatura na que acadou máis ou menos obxectivos pero de forma tranquila, afable e con presenza constante.

Non é o caso de Gondomar, onde Paco Ferreira, todo un personaxe, foi quen de tirar pola borda e en dous prazos un pacto de goberno con maioría absoluta para non aprobar nin un orzamento e non botar a rodar o Plan Xeral como fixo o de Nigrán. Ferreira, un incontinente comunicador nas redes

pacidade para chegar, nas pasadas eleccións, a unha candidatura conxunta furtoulle a alcaldía e o abandono de Concello Aberto (CABE), antes as primeiras falcatuadas do alcalde Ferreira, debilitou a súa posición no goberno. Ou moito mudan as cousas, e non parece, ou repetirase a división, o que dificultará en exceso desbancaro decorador-alcalde da vila. Manifesto Miñor parece telo doado cun liderado forte arredor de Antonio Araújo. O mundo de CABE é unha incógnita. O entendemento entre ambos unha incerteza.

O proxecto de Manifesto Miñor ficou coutado hai catro anos ao renunciar, ou non ser quen, a presentar candidatura en Nigrán e Baiona. Un proxecto comarcal que superase a anquilosada división municipal ficou eivado e reducido a Gondomar. Mais a súa presenza no conflitivo goberno gondomarés consolidou unha marca que agora pode querer estenderse aos outros dous con-



sociais, semella o reverso, en negativo, de Juan González, o alcalde nigranés.

Deixamos para o final o inextricable mundo da esquerda do PSOE e do nacionalismo externo ao BNG, o mundo en inestable construción que podemos denominar, máis ou menos En Marea. Espazo que non acadou resultados significativos hai catro anos, agás no caso de Gondomar no que a súa inca-

cellos para o que terá que contar con Nigrán Decide, con dous concelleiros na actualidade, e outros tantos de Izquierda Unida, así figura na web do concello aínda que se presentasen como Son Baiona. Mais as incertezas neste “espazo político”, como se autodenominan, son tan intensas como o gusto pola inestabilidade política nos concellos miñoráns.

Xornal galaico-portugués busca
COMERCIAL para CONDADO E PARADANTA
 Condicións: soldo fixo + comisións. Imprescindible dispoñer de coche.
 Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Himnos e bandeiras

A conmemoración do aniversario do estreno do Himno Galego celebrado o 20 de decembro de 1917 no Teatro do Centro Galego d'A Habana, tráeme vellas lembranzas, que, malia o tempo transcorrido, teñen para min un especial significado polas impresións que me causaron, e pola transcendencia social e política que tiveron.

Souben que Galicia tiña un himno sendo eu un rapazalo de apenas cinco ou seis anos. Adoitaba daquela achegarme á porta dunha taberna que había ao pé da casa familiar para escoitar un concerto dun orfeón improvisado, que conseguíu contaxiarme o gusto estético pola música tradicional galega. Ao orfeón íanse incorporando os integrantes de maneira natural e progresiva en número a cadansúa corda de tenores, baixos, contraaltos ou barítonos. Engaiolábanme aquelas voces potentes e ben conxuntadas. Así foi como fun aprendendo desde ben cativo un amplo repertorio musical. Hoxe xa non se canta nas tabernas. Pero o que máis me chamaba a atención era que sempre remataban interpretando unha canción que me resultaba difícil entender polos seus indescifrables versos para min: "Que din os rumorosos/ na costa verdescente/ ao raio transparente/ do práctico luar?"... Unha vez cantado, o orfeón desfaciase decontado, abandonando todo, ás présas, a taberna.

Preguntéi na casa o por que e descubríronme as razóns: era o Himno Galego que estaba prohibido cantar en público. Cando se me presentou a próxima ocasión, arromedeinos botando a correr canda eles. Eu tamén quería ter medo. Ao chegar a casa refolegando recibíronme agarimosamente cun sorriso cómplice.

Tiveron que pasar moitos anos para que puidese ter a oportunidade de dignificar o noso himno e bandeira. Aconteceu por volta dos anos oitenta cando, dirixíndo o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela, organizei unha das moitas accións que ali leve a cabo, para galeguizar os festexos populares baixo o rubro "Mil festas máis para a lingua galega", comezando, para dálo exemplo, polas que organizaban os concellos. Entre as medidas que incluín nas propostas había dúas referentes ao himno e á bandeira. Ata entón, acontecía que os tratamentos que se lles daban aos nosos símbolos eran denigrantes. Mentres nas espadanas das igrexas ondeaban grandes bandeiras españolas, a galega estaba reservada para usos sualtemo, no caso de que os houbese; e na misa maior era obrigado que a banda de música interpretase sempre o himno español no intre da consagración, asociando os fregueses o arroubo máxico da transustanciación cunha marcha que non era nosa.

Convoquei a dez rexedores municipais e reunímonos no despacho do alcalde de Santiago, que daquela era Xerardo Estévez, para presentarllas as propostas galeguizadoras. Asustados, levaron as máns á cabeza escoitando o que lles propuña que apoiasen; pero aínda así, logo de convencelos, déronme o visto e prace. Todos menos o de Ferrol, Xaime Quintanilla. Nun receso da reunión levoume cara un dos amplos ventanais que dan á fachada do pazo de Raxoi, e tendo de fronte á fachada da catedral, ollándonos fite a fite, díxome: Iso non vou poder lévalo a cabo na miña cidade, ou queres que os militares me fusilen como fixeron con meu pai no 36?. Efectivamente, o seu pai, Xaime Quintanilla, militante da Unión Socialista Galega, despois de abandonar o PSOE, fora paseado pola barbarie facista.

Unha vez que estaba decidida a campaña pedagóxica de galeguizar as festas, faltábanos algo moi elemental: a partitura do Himno de Pascual Veiga á que habería que facerlle uns arranxos. E velaí que acordei facerlle tal proposta a Xosé A. García Cotarelo, Secretario Xeral Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia. Aceptouna, e así foi como Rogelio Groba, por entón director da Banda Municipal de A Coruña, foi o elixido para facelos. Editáronse moitas copias da partitura e distribuíronselles a todos os concellos e bandas populares de música. O que parecía imposible, conseguímo-lo en poucos anos. Hoxe está xeralizada a súa interpretación nas misas maiores

das festas patroais. Unha vez máis quedaba demostrado que a audacia é o medio imprescindible para avanzarmos na galeguización. Eu, desta volta, non quería ter medo.

Chovía sobre mollado. Anos antes, cando tivera a honra de ter un papel sobranceiro na dirección do nacionalismo galego na clandestinidade, decidín que para identificar o noso movemento non habería mellor maneira que engadirlle unha estrela vermella á bandeira, no medio e medio da franxa azul. Para conseguir a popularización de tal símbolo envíei o deseño por un propio, xusto por estas datas en 1975, para que llo entregase á nosa delegada no exilio portugués coa finalidade de editar insignias e chaveiros. E así foi como se fixo popular a bandeira que hoxe se enarbola en actos e manifestacións. Por certo, a primeira vez que se veu unha bandeira coa estrela vermella, foi en febreiro de 1976 nunha manifestación convocada en Monforte de Lemos.

Onde non tivemos éxito foi na elaboración dun himno para a ANPG. Digo tivemos, porque aínda que fun eu que o fixera tal encargo, o que o executou foi Antón Seoane, alma mater de "Milladoiro". No seu libro "De Voces Ceibes a Milladoiro" conta como se xestara aquela decisión. Reproduzo varios versos daquel himno: "Obreiro é hora xa/labrego para ti tamén/que pide a patria/tódalas mans/"...



No Parque das Pombas

Unha gaiola abandonada espera a chegada de novas pombas.

Alguen lle abriu a porta tal vez para non ter que botarlle de comer.

A ver se os Reis, aínda que con retraso, traen novas pombas ao seu parque.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

Por Jose A. Bao Lemos

As mulleres votantes de Vox

Atento como moitos de nos os acontecementos das votacións andaluzas, os que mais e os que menos sabíamos que o partido novo de Vox, podía ter algún ou algúns representantes na comunidade andaluza, quedei sorprendido do voto mais ven forte que débil da muller, co apoio a una apoloxía que moitos de nos creíamos que era dun tempo xa esquecido, sobre todo no caso das mulleres que tanto reivindican dereitos, liberdades e igualdade aos homes.

Escoitando na radio ou tamén vendo os xornais e, por suposto os medios da t.v., quedei sorprendido que moitas das señoras andaluzas que fixeron uso do seu dereito ao sufraxio que tanto loitou pola xustiza e igualdade outra muller política e avogada da era republicana, como foi Clara Campoamor no 1931 da esquerda radical, e participando por primeira vez a muller nuhas eleccións no 1933, foi a primeira muller en conseguir sentarse no congreso español, un gran paso

atrás me pareceu como as señoras destes tempos votaran a Vox, sin ter coñecemento do que realmente votaban, e a proba está nos medios de comunicación e nas entrevistas feitas para os diferentes medios de comunicación, onde destacaban que facían uso do seu dereito sin coñecer os perxuízos nin beneficios políticos que poderían contribuir esta candidatura de Vox.

O programa electoral que foi feito e ilustrado por esta xente, levaba por bandeira, aparte da española, un slogan fascista dos antigos xa esquecidos e desprezados nas revoltas, que elas mesmas levaron a cabo ata a democracia, como foron nación, patria, familia, recordándome que foi Franco quen trouxo a España despois da guerra nos anos 40, esta trioloxía desenvolvida polo nacismo co lema KINDER, KÜCHE, KIRCHE que significaba neno, fogar, igrexa, moi parecido a o camino que Vox quere emprender neste país, con esto

refirome que a idea desta xente non cabe duda de que vai polo mesmo camiño de absolutismo, apantallados baixo unas letras chamadas democracia, dentro dun país de monarquía parlamentaria.

Nas entrevistas preguntaron ás mulleres desa terra andaluza, por qué o seu voto a Vox, alguna dixo que era un partido novo e había que darles unha oportunidade, outras destas mulleres dician que tiñan un falar serio, sen saber si eran da dereita, dereita radical, centro, esquerda o esquerda radical, cousa que ningunha destas mulleres nin outras sabían o programa electoral de tal conxunto político chamado Vox.

Cando o periodista, micrófono en man, lles comenta algunhas das leis que pretenden derogar, como por exemplo a abolición do dereito ao aborto en calquer das condicións xurídicas, nin que tampouco existiría a leida memoria histórica, cando algunhas das mulleres que fixeron uso do seu voto a Vox, están intentando recuperar os corpos dos seus antepasados, e tamén entre outras barbaridades é desbancar a única lei que as defende

ante os abusos dos homes, que non e outra ca violéncia de xénero.

Todas as mulleres que foron entrevistadas, tiñan as mesmas respostas: si iso que me contas o suobera antes o meu voto non o levan.

Aconsello, que eu non son quen para dar consellos a ninguén, que as mulleres leades un pouco da historia de quen soa ante o perigo, con una cámara no congreso chea de homes e que pelexou polo voso dereito ao sufraxio, e outras cousas como o divorcio...xunto a Victoria Kent que chegou un pouco mais tarde o congreso sendo socialista moderada.

Sin ir mais lonxe hoxe mesmo escoitei que unha das mulleres que votou a Vox, estaba moi sentida, porque diseronlle que o programa electoral que levaban era moi bo, pero que ela o descoñecía, se non non tiñan o seu voto nin tola, pero xa estaba na urna.

Homes e mulleres que podedes afastar as "oscuros golondrinas" como dixo o poeta, mirade ben cal son os proxectos de cada partido, porque me vexo a este paso, de volta nos anos 40.

M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

PONTEVEDRA

A exposición sobre a moda da época de María Vinyals poderá visitarse no Castelo de Soutomaior ata o mes de febreiro

A mostra presenta boa parte da colección dos fondos do Museo de Pontevedra centrada na moda feminina de finais do século XIX e principios do XX

O Castelo de Soutomaior acolle ata o 24 de febreiro unha novidosa exposición con pezas do Museo de Pontevedra relacionadas coa moda da época na que viviu María Vinyals. A mostra, titulada "A moda en detalles: indumentaria e complementos (1870-1925)" ten por obxectivo dar a coñecer ao público unha época de esplendor e desenvolvemento económico e social da provincia, así como mostrar os hábitos das personaxes históricas que viviron no Castelo de Soutomaior, como foi o caso de María Vinyals.

A exposición, que presenta boa parte da colección dos fondos do Museo de Pontevedra e está centrada na moda feminina de finais do século XIX e principios do século XX, da a coñecer como vestían as mulleres coetáneas a Vinyals, os seus gustos, como accedían á moda ou como eran as diferentes tendencias nas que o gusto pola



diversidade foi predominante, ademais dun símbolo de modernidade para moitas mulleres. Así mesmo, mostrárase un capítulo da historia da provincia no que as principais protagonistas foron as mulleres. Deste xeito, amosáranse pezas que pertenceron ás irmás Domerq, á familia García Solís ou ás irmás Mendoza.

En concreto, "A moda en detalles" recolle 200 pezas de bordados, abelorios, calzado, cosmética, xoiería, publicacións, complementos e pezas únicas na moda feminina de finais do século XIX

e comezos do XX, moitas delas inspiradas na moda de París ou con tecidos procedentes dos mellores almacéns de Londres que convertían á moda no escaparate por excelencia que facía visible o status social das mulleres. Ademais, veranse cores, complementos, tecidos que tamén se reproducen en obras de pintores como Joaquín Sorolla, gran amigo de María Vinyals.

A mostra, na que tamén colabora o Museu Virtual de la Tarjeta Postal de Catalunya, poderá visitarse ata febreiro na Sala de Tapices do Castelo de Soutomaior.

Adxudicadas as obras na Escola de Cantería por máis de 400.000€



A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de adxudicar, mediante procedemento aberto, o contrato para a redacción do proxecto básico e de execución e da realización das obras na Escola de Cantería para a súa adaptación á normativa vixente. Os traballos, que terán un prazo de execución de 9 meses, son un paso máis do goberno provincial no proceso para converter a Escola de Cantería nunha Entidade de Formación Profesional para o Emprego e un novo avance cara a obtención da licenza que permita solicitar a homologación do título de canteiro e canteira para poñer en valor a formación para a conservación e restauración do patrimonio artístico.

O contrato foi adxudicado á empresa Civis Global, S.L.U., por un valor de 440.000 euros

e contempla actuacións para a mellora das condicións hixiénicas, de habitabilidade e de seguridade; medidas correctoras de rúidos e de contaminación acústica; mellora de accesibilidade; melloras no aseo e nos servizos hixiénico sanitarios; así como para a instalación dos despachos de dirección e coordinación.

A Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra está dirixida a persoas menores de 35 anos que teñan na súa posesión o título de graduado escolar ou que rematasen o nivel educativo equivalente. O centro educativo oferta dúas modalidades de formación, a ordinaria, en primeiro lugar, para a formación en canteiro ou canteira e mestre ou mestra, e a específica, en horario nocturno, dirixida a persoas con coñecementos previos en cantería.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Redacción

As Neves contrúe de Centros de Compostaxe Comunitaria

O Plan Revitaliza impulsado polo Goberno Local das Neves, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, segue adiante co seu obxectivo: que ao longo deste ano 2019 sexa posíbel compostar todos os residuos orgánicos que se producen no concello.

Os primeiros pasos déronse co inicio da distribución de 1.300 composteiros individuais aos que, agora, súmanse a construción de 5 Centros de Compostaxe Comunitaria que estarán situados en cinco lugares achegados á veciñanza que residen en pisos, que non teñen horta ou preto de grandes produtores de refugallos orgánicos coma restaurantes ou o comedor do colexio.

As obras comezaron no Nadal para a colocación dun centro de compostaxe no colexio “coa finalidade de minimizar incomodidades e continuar na zona máis urbana pasadas as festas”, sinala o concelleiro de Medio Ambiente, Óscar González, quen subliña que todo está programado para causar o menor impacto ou molestia á veciñanza, o comercio e a comunidade escolar.

O alcalde, Xosé Manuel Rodríguez, lembra que ademais xa van entregados case 600 composteiros no resto das vivendas e “xa se comeza a



notar moito a redución de lixo nos contedores verdes”.

Rodríguez sinala que veciñas e veciños coméntanlle “sorprendidos” que “antes de ter o composteiro ían ao contedor verde unhas catro veces a semana e agora levan unha bolsa a semana e non vai chea”.

Charlas en todas as parroquias

En total, o Goberno local ten previsto realizar preto de 30 charlas en todo o concello para explicar aos veciños, de xeito personalizado, as vantaxes e o funcionamento dos composteiros. Logo, haberá un seguimento de cada un destes composteiros, unha vez colocados nas casas, por parte do persoal especializado da Asociación Ecoloxista Adegas.

Cumprir coa normativa europea en 2020

O Concello das Neves quere ser un dos primeiros do continente en cumprir a normativa

aprobada polo Parlamento Europeo: que os concellos dos Estados membros da Unión Europea reciclen o 50 por cento dos seus residuos antes do ano 2020. Este obxectivo será a ‘ponte’ que conducirá ata outro moito máis importante: lograr a reciclaxe do 65 por cen de todos refugallos urbanos no 2035.

Os residuos urbanos, coa xestión anterior, cando entran en descomposición, forman líquidos que poden contaminar o subsolo e os acuíferos, ademais de producir cheiros e metano, un gas de efecto invernadoiro e con gran impacto no cambio climático.

Por medio da súa reciclaxe evítanse estes problemas e, ao mesmo tempo, estes refugallos orgánicos transfórmanse en recursos: xa que se pode obter deles por medio da compostaxe un fertilizante natural para árbores e plantas.

IV Galardón Sínmete Covelo



Os galardoados Ana Fontán Pimentel e Floriano Vázquez Pérez co Alcalde e concelleiros.

O Concello de Covelo fixo entrega dos galardóns aos gañadores da cuarta edición dos premios Sínmete Covelo 2018 no Auditorio Municipal nun acto que estivo amenizado pola Coral Xuntanza de Covelo.

Os premios foron concedidos por unanimidade do xurado no ámbito deportivo a Ana Fontán Pimentel e no social e cultural a Floriano Pérez Vázquez e a todos os veciños e veciñas que traballaron e colaboraron na Festa do Churrasco desde o seu inicio.

Con estes galardóns o Concello de Covelo quere facer público recoñecemento ás persoas, asociacións, empresas ou institucións que contribúen co seu labor á promoción da cultura, o deporte, a arte, o patrimonio, a defensa do medio ambiente e

a promoción do nome de Covelo no ámbito nacional ou internacional.

Con este premio á futbolista local, Ana Fontán Pimentel, recoñécese a súa ampla e exitosa traxectoria deportiva en numerosos equipos de categoría rexional e nacional e á súa condición de muller vinculada á defensa dos valores deportivos de esforzo e superación así como da promoción do pobo de Covelo.

Tamén se recoñeceu o labor, entrega e dedicación de Floriano Pérez Vázquez na organización da Festa do Churrasco, que coordinou e dirixiu desde a súa primeira edición oficial en 1981 ata a actualidade, recoñecemento que se fixo extensivo a todas aquelas persoas que traballaron e colaboraron nas diferentes edicións da festa desde o seu inicio.

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

HUMOR



Asier Sanz



Elihu Duayer, Brasil, alta



Simanca , Brasil - alta



Francisco Puñal

Por un 2019 diferente!

Recibimos varias
tarxetas postais
de amigos debuxantes
para o ano novo,
que queremos compartir
cos lectores.



Luis Sánchez



Yayo Herrera, Canadá



J Bosco, Brasil - alta

HUMOR



Elena Ospina - Colombia



Harca - Comunidad Valenciana



papá noel - Luis Mac Beath



Reyes Magos van a VOX - Luis Mac Beath



Ángel Boligán - México



Dario Castillejos, México, alta

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A música coral e bandística de Xinzo maravillan ao público co seu concerto “Cores de Nadal”

O pasado 29 de decembro, a Banda de Música Xuvenil de Xinzo e a Coral Cantares de Xinzo ofreceron o seu tradicional concerto de nadal ante máis de 300 persoas que encheron ata a bandeira un Auditorio do Centro Cultural Xinzo que comeza a quedarse pequeno, tanto pola boa acollida do público asistente aos concertos, como para a propia banda, que incrementa ano a ano a súa plantilla.

“Cores de Nadal” foi o título empregado pola Asociación para o deseño deste concerto de Nadal, no que todas as obras que se interpretaron levaban como título a nome dunha cor.

O concerto deu comezo tras a presentación dos 9 novos integrantes da Coral Cantares de Xinzo. Coral, que en colaboración coa Coral Xuntanza de Covelo ofreceu durante a primeira parte do concerto unha exquisita interpretación de panxoliñas que enmudeceu a todo o público presente, que rompeu en aplausos. Máis de 50 compoñentes, dirixidos polo artista ponteareán Xulio Domínguez, mesturaron a música vocal coa rítmica corporal, o que fixo un resultado artístico de altísimo nivel.

Na segunda parte do concerto, a Banda de Música Xuvenil de Xinzo ofreceu un programa de alta dificultade técnica. Destacar a magnífica interpretación do trombón solista Javier Otero, integrante da Banda de Xinzo que actualmente está a rematar os seus estudos de Grado Profesional no CMUS de Ponteareas, na obra para trombón solista e banda “Co-

lors” de Bert Appermont.

O concerto rematou cunha fusión entre as 3 agrupacións (Coral Cantares de Xinzo, Coral Xuntanza de Covelo e Banda de Música Xuvenil de Xinzo), que permitiu ver sobre o escenario do Centro Cultural Xinzo, a 100 persoas baixo a batuta do mestre Javier Blanco. Nunha interpretación que recibiu unha acalorada ovación de todo o público presente como broche de ouro ao ano 2018.

Dende a Xunta Directiva da Fundación Musical de Xinzo e da Banda de Música de Xinzo, que aglutina tanto á propia Banda de Música Xuvenil de Xinzo, como á Escola

de Música de Xinzo, a Banda de Veteranos de Xinzo, e a Coral Cantares de Xinzo; queren desexar a todo o público amante da música un feliz e musical 2019.



Eu veño do

OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO HUMOR GRÁFICO GALEGO

Xoves 31 de Xaneiro e Venres 1 de Febreiro
de 18:00h a 20:00h

Na Biblioteca Municipal de Ponteareas
Para persoas de 11 a 111 anos

Impartido por
Pablo Prado (Fuco)

E ti de
quen ves
sendo?

PONTEAREAS
CONCELLO

0 mestre do IES Pedra de Auga Xabier Prado crea un novo xogo: 11 Torres

Os días 7 e 8 de decembro de 2018 foiu presentado o xogo "11 Torres" no marco da Convenção Internacional do Xogo AugustaCon celebrado no mosteiro de Tibães moi perto de Braga.

O xogo é unha versión espacial do "Tres-En-Raia", coñecido tamén como "Tic-Tac-Toe" en inglés ou o "Jogo do Galo" en Portugués.


Ai igual que neste, o obxectivo

é facer unha liña recta con tres fichas, mais a diferenza, aparte da tridimensionalidade, é a posibilidade de xogar entre tres persoas, o que o convirte nun xogo moito máis emocionante.

O xogo foi presentado anteriormente polo seu autor, Xabier Prado, profesor do IES Pedra da Auga de Ponteareas, no marco da Semana das Ciencias celebrado nesta localidade, no cal se repartiron

copias do mesmo a tódolos centros educativos do Concello por parte da Concellaría de Educación.

O xogo aínda non está a ser comercializado, mais na páxina web do mesmo www.yogote.net/11torres ademais das regras de xogo e noticias, existen instrucións para que cadaquén poida facerse cunha versión para desfrutar do mesmo, incluso mediante unha simple fotocopia en papel.



Presentación da revista "Sarmiento" na Facultade de CC da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo, no Campus de Pontevedra

O pasado 11 de decembro, coa presenza do vicerreitor da Universidade de Vigo Jorge Soto, foi presentado en Pontevedra o número 21 da Revista Sarmiento, dedicado na parte monográfica á depuración do maxisterio practicada polas autoridades franquistas. Dende a Historia da Educación, estiveron tamén presentes Xosé Manuel Cid e Anxo S. Porto, dando conta, respectivamente, do sucedido nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación inicia a partir deste número 21 unha nova andaina, que dará continuidade aos 20 anos de

vida. Mantense o título, que constitúe unha homenaxe ao monxe beneditino galego frei Martín Sarmiento, e modifícase o subtítulo, que no futuro será Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación/ Revista Galego-Portuguesa de História da Educação, que reflicte a vontade de ampliar o ámbito espacial da revista, que no pasado xa estaba aberta á temática e a lingua portuguesas.

Nesta parte monográfica hai en primeiro lugar un artigo o modo de presentación de M^a del Carmen Agulló Díaz. Desexando deslexitimar a política educativa republicana, a ditadura franquista converteu o

maxisterio primario en obxectivo prioritario da súa acción represiva. A depuración tivo un duplo carácter de punitiva e preventiva. Iniciouse de xeito inmediato tralo golpe militar e durou até a finalización da ditadura.

Con carácter necesariamente sintético e sempre aberto a novas achegas e matizacións, analízase a continuación a concreción deste proceso en cada unha das provincias galegas, na que interveñen Narciso de Gabriel (A Coruña), Antón Costa e Uxía Bolaño (Lugo), Xosé Manuel Cid (Ourense), Anxo S. Porto e Raquel Vázquez (Pontevedra).

Na sección documental Xosé



Anxo Porto Ucha, Jorge Soto e Xosé Manuel Cid

Luís Iglesias preséntanos o expediente de depuración de M^a Barbeito Cerviño, e Carlos Méixome descríbennos as penurias padecidas por Antón Alonso Ríos para rispar das gadoupas da morte. Esta parte documental inclúe igualmente

a relación do profesorado primario morto en cada unha das provincias galegas por mor da sublevación fascista de 1936. Con carácter provisional ofrécese unha lista de 100 profesionais do ensino primario mortos na Galiza.

BAIXO MIÑO

OIA

O obradoiro veciñal de teatro para revalorizar e difundir o patrimonio volve a Oia

O Concello de Oia organiza a segunda edición do obradoiro de teatro veciñal para difundir e revalorizar o patrimonio local. A iniciativa é gratuíta e desenvolverase a partir do 1 de febreiro baixo o título "6x6. Punto de Encontro. O Arrabal".

A actividade será impartida por A Artística Teatro & Danza os venres de 19.00 a 21.00 horas no Centro Cultural de Pedornes. Comezará o 1 de febreiro e se desenvolverá ata principios de xuño.

A representación final terá lugar no aniversario da declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) do Mosteiro de Oia, que se celebrará os días 2 e 3 de xuño.

O prazo de inscrición está aberto ata o 24 de xaneiro. As prazas son limitadas.

Tras a boa acollida da pri-



meira edición (cunha trintena de persoas inscritas de todas as idades), o éxito de público asistente á visita dramatizada polo Arrabal organizada dentro do obradoiro e a calidade interpretativa acadada polos participantes, o Concello de Oia decidiu convocar unha nova edición.

En canto aos obxectivos relacionados co patrimonio, esta iniciativa revelouose como unha boa ferramenta á hora de revalorizar o patrimonio local, au-

mentar a conciencia veciñal arredor del e dinamizar o turismo baseado nos valores culturais.

A Artística Teatro & Danza, responsable artística da primeira edición (desenvolvida baixo o título "6x6. Punto de Encontro. Costa dos Castros") estará de novo á fronte deste obradoiro. O seu proxecto, enmarcado dentro das artes escénicas, dedícase á formación, promoción, creación, investigación e experimentación do teatro e a danza contemporáneas.

Oia organiza un obradoiro de envellecemento activo e saudable

O Concello de Oia organiza un obradoiro de envellecemento activo e saudable dirixido a persoas maiores de 60 anos. A actividade comezará o 16 de xaneiro e desenvolverase todos os mércores ata o mes de xuño.


O obradoiro incluírá traballos manuais, xogos, actividades de risoterapia e creación de contos, entre outras; co obxectivo de que as persoas participantes se relacionen,

traballen aspectos cognitivos e, sobre todo, que se divirtan e pasen un bo rato.

As sesións impartirase nas Escolas de Torroña (de 16.00 a 17.15h) e na Abadía de Loureza (de 17.45 a 19.00h) e terán carácter gratuíta. As persoas interesadas poden inscribirse no Concello de Oia ata o próximo 10 de xaneiro.

A iniciativa conta coa colaboración da Asociación de Mulleres Rurais de Oia.

Un alumno de 6º de primaria do CEIP de Refoxos gaña o concurso de debuxo infantil "Os Reis Magos chegan a Oia"



O xurado do concurso de debuxo infantil "Os Reis Magos chegan a Oia" concedeu o primeiro premio a Mateo Gómez Giraldez, alumno de 6º curso de Educación Primaria do CEIP de Refoxos.

Pola súa banda, o segundo e terceiro premio recaeron en alumnado do CEIP Mestre Manuel García. Concretamente, en segundo lugar quedou Claudia Domínguez Salinas, de Educación Infantil (5 anos); mentres que o terceiro posto foi para Mario Seijo Domínguez, de 3º curso de Educación Primaria.

O concurso convocado polo Concello no mes de novembro e aberto ao alumnado dos dous centros educativos do municipio, pedía aos participantes que ilustrasen, con técnica libre, a súa visión sobre os Reis Magos.

O debuxo vencedor ilustrará o cartel que anunciará a Cabalgata de Reis de 2019. Ademais, os tres clasificados recibirán un diploma e máis un lote de libros.

A entrega de galardóns desenvolverase o día 5 de xaneiro despois da Cabalgata no pavillón do CEIP Mestre Manuel García.

Caderno divulgativo dos petróglifos do río Vilar en Oia

A Asociación Costa dos Castros edita un caderno divulgativo sobre os petróglifos da contorna do río Vilar, na parroquia oiense de Pedornes, para dar a coñecer a singularidade e valor patrimonial dos gravados existentes nesta zona. Entre eles destacan tres que representan figuras de embarcacións, as únicas claramente definidas dos petróglifos galaicos con características que apuntan a modelos mediterráneos.

Cun marcado ton divulgativo, esta publicación quere dar a coñecer o valioso patrimonio arqueolóxico que existe na zona e, paralelamente, concienciar sobre a importancia da súa conservación.

No caderno faise unha des-



crición do lugar, un repaso pola historia dos principais achados arqueolóxicos na zona e, finalmente, se detalla o caso concreto dos petróglifos das embarcacións, coñecidos como Auga dos Cebros 1, Auga dos Cebros 2 e Viveiro 6.

Diversas fotografías, ilustracións, un mapa e unha ficha con información básica e de

utilidade para visitar a zona complementan a información textual do caderno.

A publicación realízase coa colaboración da Deputación de Pontevedra (Ano da Lingua), a través das axudas para dinamización da lingua.

Os exemplares impresos distribuiranse polos centros escolares e na Oficina de Turismo.

II Edición do Trail Adventure Muiños do Folón

O Domingo 10 de Marzo celébrase da II Edición do Trail Adventure Muiños do Folón, no Rosal, organizado polo Concello e a empresa Qualité Sport Events

Se trata dunha das probas de trail máis espectaculares que se pode realizar en toda a Comunidade Galega, xa que recorre os afamados Muiños do Folón e do Picón, declarados Ben de Interese Turístico pola Xunta de Galicia.

Serán dúas, as carreiras con carácter competitivo. Unha cun trazado de 12 kms e un desnivel positivo de 450 metros, co lugar máis



alto situado na Capela de San Martiño; outra de 21 kms, con desnivel de 1000 chegando a zona costeira de Sanxián. Tamén haberá unha Andaina de 10 kms, para aqueles que prefiran gozar da paisaxe dunha forma máis relaxada.

Para participar hai que ins-

cribirse na web www.championchipnorte.com sendo a un prezo reducido até o domingo 13, amais de recibir coma agasallo unha "braga de cuello" os que o realizaron nas primeiras 72 horas do prazo.

A participación está limitada a 250 atletas en cada unha das distancias.

Curso de inglés para a hostelería e o comercio

O Concello de Oia organiza un curso gratuito para a mellora das competencias de lingua inglesa destinado a profesionais da hostalería e o comercio do municipio. As prazas son limitadas.

A iniciativa busca axudar ao sector do turismo e o comercio local a mellorar a calidade na atención a clientes e visitantes, tendo en conta

que cada vez son máis os peregrinos que fan parada en Oia no seu percorrido polo Camiño Portugués da Costa. Con esta actividade formativa o municipio continúa a prepararse para o próximo ano Xacobeo, que se celebrará en 2021.

O horario do curso de inglés básico para a hostalería e o comercio determinarase en función das preferencias

e necesidades das persoas inscritas. Os interesados deben apuntarse no Concello antes do 31 de xaneiro.

Será preciso xuntar un grupo mínimo de participantes e as prazas son limitadas. No caso de non cubrirse o mínimo de prazas, as vacantes poderanse cubrir con persoas que procedan doutros sectores e que teñan interese en recibir esta formación.

IV Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia

A partir do vindeiro sábado 12 de xaneiro o Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar acollerá a IV Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia.

Organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns co apoio do Concello de Gondomar fomentarán e potenciarán a creatividade teatral e a representación neste mes de xaneiro

que abre as portas a un ano de celebración dos 20 anos do IEM.

A programación constará de oito pezas teatrais interpretadas por Vichelocrego, Tranghallada teatro, Bertorella, Pritis- Guomins, A Moura, Os cabalos rosas brincan no patín, O mellor de cada casa e Arredemo.

A entrada será gratuíta e para todos os públicos.

Programación

Sábado 12 de xaneiro- 19.30h

Jansel e Ponsel, representada por Tranghallada teatro de Nigrán.

Domingo 13 de xaneiro- 18.00h

Mamasiña que medo!, representada por Bertorella de Morgadães.

Sábado 19 de xaneiro- 19.30h

Cóncavo-convexo, representada por Vichelocrego de Gondomar.

Domingo 20 de xaneiro- 18.00h

Rosa rosae, representada por Pritis- Guomins de Aula teatro Gondomar.

Sábado 26 de xaneiro- 19.30h

A revirada, representada por A Moura de Chaín.

Domingo 27 de xaneiro- 18.00h

Cousas da vida, representada por O mellor de cada casa de Viladesuso.

Sábado 2 de febreiro- 19.30h

O restaurante Farruco representada por Os cabalos rosas brincan no patín de Viladesuso.

Maruxas 3.0, representada por Arredemo de Gondomar.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

MISCELANEA

Redacción

Carmela Silva supervisa as obras da biblioteca de Nigrán

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, acompañada polo alcalde de Nigrán, Juan González e integrantes do seu goberno municipal amais de persoal técnico da construtora, visitou hoxe en Nigrán as obras da nova Biblioteca, unha obra longamente esperada polas veciñas e veciños da vila do Val Miñor e un dos proxectos máis ambiciosos da provincia. Esta actuación está financiada pola Deputación ao abeiro do Plan de Reequilibrio cunha importante achega de 1.479.620,18€, mentres o concello de Nigrán financia os 369.905,05 euros restantes.

O novo edificio para este espazo cultural que, dixo a presidenta, “da resposta aos equipamentos que melloran a calidade de vida da xente e que toda a veciñanza ten de-



reito a esixilos viva onde viva”, estase a construír nunha parcela do dentro do núcleo urbano que conta cun forte desnivel. Por iso se crearán dous accesos ao edificio: un dende a praza cuberta da planta baixa e outro dende a Praza Rosalía de Castro. A nova edificación, de planta irregular e cunha superficie total construída de

1.260 m2, vai constar de catro andares: na planta baixa haberá unha sala de usos múltiples e un almacén; na primeira planta estarán a sala de ordenadores, a hemeroteca, a recepción e a zona de préstamo infantil e xuvenil; na segunda planta situarase a zona de préstamo para persoas adultas; e na terceira, unha sala de estudo.

A Guarda mellora a seguridade dos maiores coa entrega de detectores de fume

O Concello da Guarda a través da Concellería de Emerxencias fixo entrega na mañá deste mércores dos primeiros 50 detectores de fume destinados prioritariamente aos maiores de 65 anos do municipio, un segmento da poboación máis propenso a su-

frir accidentes vencellados ao lume nas súas vivendas.

Segundo explicou o concelleiro de Emerxencias, Miguel Español, un total de 200 destes aparellos están a disposición de quen os precise para repartir dende o consistorio, preferiblemente entre os maiores de

65 anos que vivan sos, para evitar situacións de risco de incendio e detectar de xeito rápido os fumes no interior das vivendas. O reparto realízase a través do Concello e en colaboración con colectivos que traballan na vila con persoas maiores.

A Guarda recupera e conserva o seu patrimonio e identidade cultural

O Concello da Guarda ven de recuperar unha parte moi importante do seu patrimonio e identidade cultural grazas ao Plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra, que permitiu ter unha persoa responsable do arquivo que en colaboración co departamento de Patrimonio do Concello logrou dixitalizar e recuperar multitude de documentos históricos da nosa vila, fotografías antigas, arquivos da Sociedade Pro-Monte Santa Trega, entre outros.

O persoal en prácticas estivo en constante contacto co persoal da Deputación de Pontevedra, traballando man a man baixo a plataforma ATOM, un sistema que permite incorporar a unha base de datos única todos aqueles documentos de carácter histórico, realizando as traducións dos mesmos ao galego e que permitirá nun futuro próximo a súa consulta por parte de toda a cidadanía de xeito online dende as súas casas, logrando así unha maior transparencia para achegar e difundir os diferentes fondos e documentación dispoñibles do Concello da Guarda.

O persoal en prácticas traballou ao longo dos pasados



seis meses, continuando o proxecto realizado con anterioridade por persoal en prácticas, na organización e normalización da documentación existente sobre a Sociedade Pro-Monte Santa Trega, así como a recuperación de centos de coleccións de fotografías e postais da Guarda grazas a inestimable colaboración de Antonio Martínez Vicente, que cedeu de xeito desinteresado gran parte do seu arquivo para o seu tratamento e dixitalización. Na área de Patrimonio o persoal en prácticas participou ademais na elaboración e preparación dos textos e fotografías de diferentes paneis informativos de varios puntos de interese histórico da vila.

Anímase á cidadanía a que aporte coleccións privadas e antigas co obxectivo de que medre o patrimonio cultural da nosa vila contactando co Dpto. de Patrimonio no Concello da Guarda.

**Talleres
Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

**Panadería Pastelería
A Fogaza**

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

M^a Olga Alonso presentou en Chenlo a súa primeira novela "Los sueños rotos"

A autora novel María Olga Alonso Alonso presentou onte na Casa Cultural de Chenlo a súa opera prima "Los sueños rotos", nun acto que contou coa asistencia de máis dun centenar de persoas entre familiares, amigos e todos aqueles interesados en non perderse o inicio da carreira literaria desta veñida de Chenlo.

Na presentación acompañouna M. Alejandro Lorenzo, Alcalde Pedáneo de Chenlo, e

a súa compañeira, Sonia Freijeiro. Lorenzo abriu o acto adicando unhas emotivas palabras a autora, "hoxe estamos aquí para celebrar que se cumpre un soño", destacou, "Chenlo é unha parroquia moi viva, de xente con moitas ganas que pisa forte no eido cultural. Somos, sen dúbida, berce de talentos, como Olga á que hoxe lle desexo moitísimos éxitos nesta etapa que emprende".

A súa compañeira, Sonia

Freijeiro, animou a todos os presentes a ler esta novela que "consigue atraparnos dende as primeiras palabras" e animou a Olga a seguir escribindo.

"Los sueños rotos", un soño feito realidade

M^o Olga, Licenciada en Ciencias Químicas e aficionada a poesía e a novela, é profesora de matemáticas nun instituto de ensinanza secundaria. Pero, ¿quen dixo que hai que elixir entre números e letras? Olga decidiu non facelo e o resultado é "Los sueños rotos", a súa primeira novela publicada e un sono feito realidade.

Ainda que non é a primeira vez que se atreve a desafiar os límites da ficción, xa que conta con varios traballos máis, a autora lánzase por primeira vez á publicación dun libro.

"Todo xurdiu dun xeito natural", explicou a autora, "nun momento no que, polas circunstancias que se estaban a vivir a miña carreira profe-



sional estaba en pausa, decidín escribir unha novela". Deste xeito tan pragmático explicaba Olga como decidiu mergullarse no mundo da literatura de ficción "eu sempre tivei moitísima imaxinación, dende nena, e cando un é adulto aparca un pouco esa faceta. Pero aí está, e cando me lancei a escribir a miña novela recurrín a ela". Tal e como relatou a súa inspiración provén sempre dun impulso interno, sentarse fronte a un teclado e deixarse levar.

As súas raíces ourensás levárona a ambientar a súa his-

toría na raia, nun pequeno pobo da provincia de Ourense de onde era orixinario o seu pai. Alí nunha pequena aldea de O Irixe, preto da fronteira con Portugal, arranca o relato que nos conducirá a unha historia de amor que se desenvolve nun ambiente adverso. A obra é unha constante entre un presente e un pasado, enmarcada nun contexto histórico concreto, os anos da posguerra española, que fai de fío condutor. Un relato sempre en suspense que nos invita a seguir lendo para coñecer o desenlace.

0 Festival de Cans abre convocatoria a concurso e aumenta os seus premios ata case 9.000€

En Cans xa se traballa para a XVI edición do Festival, que este ano se celebrará entre o mércores 22 e o sábado 25 de maio. O Festival abriu o 8 de xaneiro o período de recepción de obras para os seus recoñecidos concursos de curtametraxes (ficción, animación, non ficción) e de videoclips, aínda que tamén estará aberto a recibir longametraxes ou outro tipo de obras para formar parte da programación do resto de seccións do festival.

A inscrición poderase realizar de xeito totalmente gratuito a través da web do Festival de Cans, www.festival-decans.gal e o prazo de inscrición estará aberto preto de dous meses, ata o domingo 3 de marzo.

Por vez primeira nos dezaseis anos de historia do festival, todos os premios terán dotación económica, ata chegar á cifra total de 8.900 euros, o que supón un aumento de mil euros con respecto á pasada edición. A partir desta edición o premio do Xurado dos veciños e veciñas terá dotación económica e, ademais, comezará a recoñecerse tamén a mellor dirección de fotografía das obras a concurso coa finalidade

de estimular unha interesante xeración de profesionais que está a emerxer.

Os distintos xurados e o público do Festival outorgarán un total de trece Cans de Pedra, o singular galardón do festival, que este ano irá acompañado de premios en metálico en todas as categorías.

O máis relevante será o Premio do Xurado á Mellor curta de ficción dotado con 2.000 euros, seguido do Premio do público á mellor curta e o Premio do Xurado á Mellor curtametraxe de animación, dotados con 1.500 euros cada un. Ademais, Cans mantén a súa aposta



pola categoría de non-ficción, denominada Furacáns, que terá un premio otorgado polo xurado de 1.000 euros. O Premio do Xurado ao Mellor videoclip estará dotado con 500 euros, e o Premio do público ao mellor videoclip con 300 euros. O resto das categorías premiadas, terán todas unha do-

tación de 300 euros: Mellor interpretación feminina, Mellor interpretación masculina, Mellor banda sonora orixinal, Mellor realización, Mellor guión, Mellor curtametraxe (elixida polo xurado das veciñas e veciños) e Mellor dirección de fotografía, que se incorpora nesta edición.

Vertixinoso ano 2018 da bailarina mosense Patricia Martínez

A bailarina mosense Patricia Martínez impartiu no IES de Mos durante os pasados meses de Novembro e Decembro a actividade baixo o nome de "Descobre o Baile Deportivo" desenvolvida a iniciativa do Concello de Mos en apoio ao deporte minoritario.

Esta actividade vense realizando ao longo dos últimos catro anos nos CEIP e este ano trasladouse ao Instituto. O éxito foi indiscutible, xa que nun principio propúxose só para 3º ESO, e finalmente por parte do Departamento de Educación Física demandouse para 2º e 1º cursos da ESO, con gran apoio e colaboración de todos os alumnos e alumnas dos 3 cursos.

As sesións leváronse a cabo durante o horario no que os alumnos tiñan a súa hora de Educación Física, cunha duración de 50 minutos durante os que ademais de explicarlles teoricamente en que consiste o Baile Deportivo, por suposto puideron probar os ritmos máis movidos como o Chachachá ou a Samba, partindo sempre dun nivel básico e de iniciación.

Patricia Martínez, exalumna do Instituto mosense, declarou tras esta experiencia que "despois de 10 anos sen pisar o IES desde que me graduei en Bacharelato, foi poñer un pé dentro e un escalofrío de sentimentos percorreu todo o meu corpo, e o reencontro cos meus profesores de Educación Física, Esther e Mario, que me axudaron a organizar xunto coa OMIX, esta programación para que ningunha clase quedase sen a súa sesión de Baile Deportivo; foi moi emocionante. Foi unha experiencia moi boa, cun resultado moi positivo en todos os aspectos".

A bailarina deportiva mosense tivo un vertixinoso ano de competición o pasado 2018. En novembro do 2017 a súa exparella de baile, Adrián Esperón, despois de 12 anos decidiu deixar de competir, polo que Martínez



tivo que buscar alguén que se puidera adaptar ao seu nivel e idade. E así reencontrouse co seu amigo Cristian Álvarez, bailarín e violinista, que por motivos persoais e laborais, deixara de competir facía 5 anos pero quería retomar a pista de baile.

Cristian, natural de Pontevedra pero residente en Lisboa nos últimos 4 anos, decidiu comprometerse con Patricia e xuntos comezar unha carreira deportiva na Liga Profesional (Profesional Division, coñecida internacionalmente), de Baile Deportivo, representando internacionalmente a Portugal.

Ao longo deste ano, competiron en diferentes probas de Ránking en Portugal. Finalizaron o ano gañando o Campionato de Portugal Profesional na modalidade de 10 Bailes, obtendo a máxima puntuación no Circuito Nacional e na Copa Nacional da modalidade de Standard, e 2º na puntuación de Circuito e Copa na modalidade de latinos. Todo isto combinándoo coas competicións no estranxeiro, unha por mes, conseguindo a entrada

na final no 90% delas. Así mesmo, o ser competidor na liga Profesional permítelle xulgar a nivel nacional e poder ser relatores en diversos Training Camps, como tiveron a oportunidade no mes de Xullo de ser relatores no maior Training Camp de Baile Deportivo, en Caorle, Italia, diante de máis de 600 persoas.



O Inventario de Camiños Municipais do Concello de Mos entra en vigor



O Pleno da Corporación Municipal mosense aprobou por maioría, ca abstención do grupo Gañamos, na súa sesión ordinaria do mes de Decembro, o "Inventario de Camiños Municipais", que chega tras a aprobación inicial e posterior proceso de información pública no que os interesados puideron realizar as alegacións que estimaron oportunas, sendo estas xa contestadas pola administración.

O edil Camilo Augusto e a rexedora local aseguran que este inventario será "unha ferramenta de traballo eficaz para o Concello, que constituía unha demanda importantísima dende fai anos tanto por parte dos

técnicos municipais como polos veciños e veciñas de Mos".

O documento final preséntase composto de cartografía e base de datos. A cartografía cos camiños identificados sobre el apresetase en formato PDF, imprimible en tamaños A3 ou A4. A base de datos recolle todas as características dos camiños, de tal xeito que poida accederse á ficha de cada un deles tecleando o seu correspondente código, as coordenadas dun dos seus extremos, ou o seu nome común. Esta base de datos permitirá a impresión da ficha que consta da configuración e distribución de información acordada cos técnicos municipais.

**información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA